



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

**ACTA Nº 7/2015**

**CONCELLO DE PARADELA**

**PROVINCIA DE LUGO**

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE.**

En Paradelas, a trinta de xullo de 2015

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D<sup>a</sup> ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### **1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 23 DE XUÑO DE 2015.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 23 de xuño de 2015 da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión extraordinaria de data 23 de xuño de 2015.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros, (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo este o número legal de membros.

#### **2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado

### **3º.- RATIFICACIÓN, DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, dase conta para a súa ratificación da Resolución de Alcaldía, adoptada por motivos de urxencia en data 3 de xullo de 2015, relativa á solicitude de Adhesión do Concello de Paradela ao Convenio Marco entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para dar continuidade á prestación dos servizos ofrecidos a través da rede de oficinas integradas de atención á cidadanía, na categoría de oficina de contacto, prestación de servizos de nivel primario consistentes en recepción, rexistro e remisión de comunicación do cidadán, Resolución que consta no expediente co seguinte tenor literal:

*“Visto el escrito remitido por la Dirección Xeral de Administración Local (Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) con entrada en el Registro del Concello en fecha 24 de junio de 2015 (Reg. Entrada núm. 678) relativo a la previsión de firma del Convenio Marco entre la Administración General del Estado y la Xunta de Galicia para dar continuidad a la prestación de los servicios ofrecidos a través de la red de oficinas integradas de atención a la ciudadanía, vista la finalización del Convenio en vigor en fecha 4 de julio de 2015, al que el Ayuntamiento de Paradela está adherido.*

*Se establece como novedad que los registros admitirán escritos y comunicaciones que se dirijan a los órganos de las Administraciones de las Diputaciones Provinciales, a los Ayuntamientos de municipios a los que se refiere el artículo 121 de la Ley 7/1985, de 2 de abril y a las entidades locales adheridas al convenio marco, todas ellas dentro del ámbito territorial de Galicia.*

*Según establece la cláusula tercera del mencionado Convenio, las entidades en su adhesión podrán elegir el nivel de servicios que se pretende prestar.*

*A vista de todo lo anterior, y con la finalidad de que se proceda a la adhesión del Concello de Paradela al convenio mencionado anteriormente, RESUELVO:*

*PRIMERO.- Solicitar la Adhesión del Concello de Paradela al Convenio Marco entre la Administración General del Estado y la Xunta de Galicia para dar continuidad a la prestación de los servicios ofrecidos a través de la red de oficinas integradas de atención a la ciudadanía, en la categoría de oficina de contacto, prestación de servicios de nivel primario consistentes en recepción, registro y remisión de comunicación del ciudadano.*

*SEGUNDO.- Establecer como representante al Alcalde-Presidente, D. José Manuel Mato Díaz, empleando para la adhesión el procedimiento electrónico previsto en el apartado 2 de la cláusula duodécima.*

*TERCERO.- Remitir cuanta documentación se establece en el Convenio Marco, para su adhesión.*

*CUARTO.- Ratificar la presente resolución en la primera sesión ordinaria que se celebre, por el Pleno de la Corporación.*

*QUINTO.- Dar cuenta al Pleno en la primera sesión ordinaria que se celebre.*

*Y para que conste a los efectos oportunos, expido la presente, de orden y con el V.º B.º del Sr. Alcalde, en Paradela, a 3 de julio de 2015.*





## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/ 96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

*V.º B.º El Alcalde. Fdo.: José Manuel Mato Díaz. El Secretario-Interventor en funciones, Fdo.: Manuel Piñeiro López”.*

Sen que se produza debate algún, a Resolución resulta ratificada pola maioría absoluta, co voto favorable dos sete Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o seu número legal de membros.

### **4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2014.**

Abre este punto da orde do día o Sr. Alcalde manifestando que a Conta foi informada pola Comisión Especial de Contas, expúxose ao público no prazo legalmente establecido sen que houbera alegación algunha, quedando por parte da Corporación o trámite de aprobación, polo que se somete a mesma ao Pleno.

Sen que se produza debate algún e sometida a votación ordinaria, o Pleno por maioría absoluta cos sete votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista; sendo once o número legal de membros; acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2014 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, nos termos previstos na normativa aplicable.

### **5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 9/2015, BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.**

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía

*“Vista a execución do orzamento 2015, analizados os saldos dispoñibles nas distintas partidas orzamentarias dentro de cada área de gasto, observáse a necesidade de transferir crédito entre as distintas partidas das áreas de gasto, xa que nalgunhas existe un saldo dispoñible que excede do que se prevé que se vai a gastar, mentras que noutras partidas ese saldo considerase insuficiente para facer fronte aos gastos que se pretende executar no que resta do exercicio de 2015.*

*O que se propón e transferir créditos destinados á inversión nova para a adquisición do terreos que permitan executar o proxecto de Acondicionamento e mellora do acceso a Toexe; para gastos derivados do servizo de motobomba e brigada de incendios e para gastos de inversión de administración xeral, reducindo o crédito definitivo existente a día de hoxe na partida 453.619 adicado a infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.*

*Tendo en conta o exposto, emítase informe pola Secretaria-Intervención sobre a seguinte proposta de transferencia de crédito:*

*Desta forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, por importe de 19.000,00 euros, co seguinte detalle:*

*Altas en Partidas de Gastos:*

<i>Partida</i>		<i>Descrición</i>	<i>Importe Euros</i>
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
136	221	<i>Servizos públicos básicos. Seguridade e mobilidade cidadá. Servizo de extinción de incendios. Gastos correntes en bens e servizos. Material, subministrados e outros.</i>	2.100,00
136	224	<i>Servizos públicos básicos. Seguridade e mobilidade cidadá. Servizo de extinción de incendios. Gastos correntes en bens e servizos. Primas de seguros</i>	925,00
1531	600	<i>Servizos públicos básicos. Vías públicas. Accesos núcleos de poboación. Inversión nova infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Inversóns en terreos</i>	4.975,00
161	629	<i>Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Abastecemento domiciliario de auga potable. Outras inversión novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.</i>	7.200,00
920	623	<i>Actuacións de carácter xeral. Administración xeral. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.</i>	9.800,00

*Baixas en partida de gastos:*

<i>Partida</i>		<i>Descrición</i>	<i>Importe Euros</i>
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
453	619	<i>Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Carreteras. Inversión de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</i>	25.000,00

*En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 9/2015, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte resume:*

*Créditos a minorar:*

<i>Partida</i>		<i>Descrición</i>	<i>Importe Euros</i>
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
453	619	<i>Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Carreteras. Inversión de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</i>	25.000,00





## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/ 96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

### Créditos a incrementar:

Partida		Descrición	Importe Euros
Grupo Programa	Concepto		
136	221	Servizos públicos básicos. Seguridade e mobilidade cidadá. Servizo de extinción de incendios. Gastos correntes en bens e servizos. Material, subministros e outros.	2.100,00
136	224	Servizos públicos básicos. Seguridade e mobilidade cidadá. Servizo de extinción de incendios. Gastos correntes en bens e servizos. Primas de seguros	925,00
1531	600	Servizos públicos básicos. Vías públicas. Accesos núcleos de poboación. Inversión nova infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Inversóns en terreos	4.975,00
161	629	Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Abastecemento domiciliario de auga potable. Outras inversión novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.	7.200,00
920	623	Actuacións de carácter xeral. Administración xeral. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	9.800,00

**SEGUNDO.-** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Paradela, 23 de xullo de 2015. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non habendo debate algún, procedeuse á votación, resultando aprobada a proposta de Alcaldía pola maioría absoluta, co voto favorable dos sete Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o seu número legal de membros.

**6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.**

**7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE PARADELA ESIXINDO A POSTA EN MARCHA DE MEDIDAS CON CARÁCTER URGENTE PARA GARANTIR A SUPERVIVENCIA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.**

O Sr. Alcalde di que ao existir dúas Mocións sobre o mesmo tema, faremos un único debate, e ver se podemos chegar a un acordo.

Dona Sonsoles López, Voceira do Grupo Municipal Socialista, di que a Moción presentada polo Partido Popular, parece moi xeneralista e nalgúns puntos pouco intensa, respecto das demanda do sector; se ben non terían problema en apoiar a Moción se se modifican os puntos 3 e 4 da citada Moción.

- No punto terceiro onde di, instar ás organizacións agrarias e ás OPL; debería dicir instar a Industria, xa que é Industria que non se senta coas asociacións agrarias nin incluso coa propia Conselleira, a que lle dou plantón en diversas ocasións, polo que se deberá é instar a Industria non ás INLAC.

- En canto ao punto cuarto no que se di seguir desenvolvendo as medidas axeitadas, non poden estar de acordo polo que non se están a tomar medidas e moito menos axeitadas, polo que a Moción debería dicir instar a que se inicien a toma das medidas que demanda o sector de xeito urxente.

A continuación, Dona Sonsoles López Izquierdo, di que a Moción que o seu grupo presenta contén máis medidas específicas e consesuadas co sector, procedendo a dar lectura á Moción de Grupo Municipal Socialista, co seguinte tenor literal:

*1-. Esixirlle ó Sr. Feijóo, que como Presidente da Xunta de Galicia, primeira Comunidade produtora de leite en España, dea prioridade absoluta á situación do sector lácteo, e lidere as xestións necesarias ante o Goberno Central para poñer fin á crise dun sector vital para Galicia e garantir o futuro do mesmo.*

*2-. Esixir á Xunta de Galicia que habilite os instrumentos legislativos e operativos para garantir a recollida de leite nas explotacións galegas a un prezo que garanta a viabilidade das explotacións.*

*3-. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno Central un plan específico para a valoración real e colocación de excedentes da industria láctea a través de medidas como as compras públicas de intervención deses excedentes, almacenamento privado e entrega a terceiros países.*

*4-. Esixir ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Goberno Central que fagan as xestións necesarias para pór na axenda europea de inmediato o problema do sector lácteo galego co impulso de medidas concretas que adapten a regulación do mercado europeo á realidade do sector productivo galego e estatal.*

*5-. Esixir á Xunta de Galicia a posta en marcha dunha campaña de estímulo do consumo de leite e derivados de procedencia galega a través de campañas de concienciación en comedores escolares, servicios de hostalería públicos ou con vinculación coas administracións públicas, así como programas específicos de concienciación.*

*6-. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a actuación eficaz da Comisión de Competencia, para que execute de maneira inmediate e contundente as inspeccións e sancións contra as comercializadoras que utilizan o leite como un produto reclamo para o consumidor.*

*7-. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno Central que se habilite de inmediato unha Comisión de Valoración de contratos vixentes con capacidade para anulalos se as condicións para o gandeiro non respectan parámetros de viabilidade, garantía de duración e recollida de leite.*

*8-. Instar á Xunta de Galicia a que, de acordo co Goberno Central, poñan en marcha de xeito inmediato, un plan galego de implantación de industria transformadora de derivados lácteos en Galicia con dúas vertentes: a produción de produtos tradicionais, que permita diversificar a produción propia das explotacións; e*





## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/ 96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

*a produción de derivados lácteos de consumo masivo, vinculado a un plan de incremento das exportacións e penetración en mercados emerxentes.*

Polo que considera que se podería fecer unha unión das dúas Mocións e facer eses requerimentos que contén a Moción presentada polo seu Grupo.

A continuación toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que alguna das medidas que pretenden vostedes atentan contra o Marco regulador e a Xunta non pode intervir, como é no tema dos prezos, asemade di que respecto do último punto da súa moción benvida a reflexión, pero hai que por enriba da mesa a enorme sobreprodución a nivel mundial, e europea (agás Grecia); se ben o Grupo Popular ten a vontade de chegar a un acordo, se ben hai que dicir que as OPL fallan en Galicia dende sempre, só hai que ver cantos gandeiros do sector lácteo do noso Concello forman parte destas organización.

A continuación procedeuse polo Sr. Alcalde á lectura da Moción presentada polo seu Grupo, cos seguinte tenor literal:

*“O voceiro do Partido Popular, D. José Manuel Mato Díaz, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN PARA A DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO:***

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Durante anos os gandeiros de Galicia, ao igual que os do resto da Unión Europea, estiveron suxeitos ás cotas de produción da UE. Este sistema de cotas permitía ter un control da produción para establecer unha base de prezo do leite con menos volatilidade, máis con subas e baixadas estacionais, xa que algunhas campañas resultaban con prezos altos e noutras os prezos percibidos polo produto descendían considerablemente, en boa maneira por mor da incidencia do mercado internacional e pola pouca especialización das industrias lácteas.*

*Agora a situación aínda se volve máis complexa. Logo da desaparición das cotas lácteas o mundo gandeiro está sumido nunha situación de dúbidas e incertezas, favorecidas por algunhas opinións subxetivas alleas ás administracións.*

*A posta en marcha dos contratos lácteos, que deberían ser unha seguridade para o sector leiteiro, non está dando os resultados previstos porque a capacidade de negociación colectiva non está a ser aproveitada por parte das Organizacións de Produtores Lácteos, sen que a industria teña en consideración esa capacidade de negociación do produtor e sen que os dirixentes das devanditas organizacións fagan algo por remedialo.*

*A este respecto, consideramos un hándicap importante a falta de unión que está amosando o sector e incluso as OPL postas en marcha, que non están conseguindo os resultados de negociación que serían desexables, chegando incluso a non dispoñer dunha axeitada organización da capacidade de produción e oferta, e de axuste coa demanda de leite.*

*Neste senso, esta situación lévanos a ver con moita preocupación como os prezos percibidos polos produtores non se incrementan, principalmente nas Comunidades máis distantes dos principais centros de poboación, como é o caso de Galicia, e como tamén se poden apreciar posibles problemas puntuais de recollida do leite producido en varias explotacións con dificultades case insalvables si se pretende cambiar de empresa de recollida.*



*Na cadea de desenvolvemento deste sector, vital da nosa economía, deben estar presentes os produtores, os encargados da recolleita do leite ou transformadores e tamén a distribución e venda final do produto como único modo de asegurar a rendibilidade e seguridade alimentaria para todos.*

*Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Lugo propoñemos ao Pleno do Concello de Paradela a aprobación na defensa do sector lácteo os seguintes ACORDOS:*

**Primeiro:** *Solicitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) que na INLAC (Organización Interprofesional Láctea) se inclúa a representación de produtores, transformadores e distribución, en tanto que é necesario que as tres partes estean presentes e coordinadas para garantir a estabilidade do sector.*

**Segundo:** *Solicitar da INLAC o traslado ás partes da cadea do sector lácteo a necesidade de garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, tal como se recolle na normativa vixente.*

**Terceiro:** *Instar ás organizacións agrarias e ás OPL a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para impulsar a sinatura de contratos colectivos que establezan un aproveitamento do recollido no Real Decreto 125/2015 en canto á garantía de continuidade no tempo da recollida da produción e mantemento e referenciación de prezos, de xeito que os contratos lácteos reflectan a calidade do leite galego, e se traslade a plasmación legal do demandado polas propias organizacións agrarias.*

**Cuarto:** *Seguir desenvolvendo as medidas axeitadas para que os gandeiros galegos teñan garantida marxe suficiente de beneficios para que poidan mellorar a súa competitividade e garantir a súa sostibilidade.*

**Quinto:** *Trasladar estas propostas ás administracións, Ministerio, Xunta e Comisión Europea, e demais membros da cadea, para que, mediante as reunións pertinentes, se poidan facer realidade estes acordos.*

A Voceira do Grupo Municipal Socialista, reitera que se dá outra redación aos puntos terceiro e cuarto apoiarán a Moción, tal e como manifestou ao inicio do debate.

O Sr. Alcalde acepta a adenda presentada polo Grupo do PSOE no punto terceiro.

Sobre o punto cuarto o Sr. Alcalde, di que se están a tomar medidas, que hai máis de vinte medidas en marcha, e que o goberno estase a preocupar por este tema, de aí medidas de promoción, vixianza da calidade do leite, búsqueda de financiación para os gandeiros, etc...

Dona Sonsoles López Izquierdo, di que pode que esas medidas se estean a tomar, pero non son suficientes nin son as que reclama o sector, polo que o contido da Moción deberá dicir por en marcha as medidas que reclama o sector.

Manifesta asemade, que non se lle pode votar a culpa da situación as organizacións gandeiras, dicindo que na manifestación que houbo en Lugo esperaba a súa presenza así como a de outra moita xente que non estaba.

O Sr. Alcalde di que o Concello sempre apoiou ao sector lácteo e vaino seguir facendo, e que non se mal interpreten as súas palabras respecto das organizacións gandeiras, se ben estas non funcionan dende hai moito tempo.

Por outra banda manifesta que defender que se cumpra a legalidade vixente, non significa que non se sega a traballar e presionando co fin de favorecer ao sector leiteiro.





## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/ 96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Dona Sonsoles López Izquierdo, di que a lexislación se non vale haberá que modificala e moitas veces non se avanza por non mirar máis lonxe, polo que haberá que intentar acadar o máximo posible cambiando a legalidade se é preciso.

Co fin de facer un única Moción, consensuada, para que esta teña máis forza, por parte do Grupo municipal Socialista acepta que no lugar de “Esixir” se diga Instar nos puntos que constan na Moción presentada polo seu Grupo, e en canto ao apartado sétimo se diga se habilite a capacidade legal para levar a cabo o expresado neste punto.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo, está moi preocupado por este tema, polo que en fin do interés público e social, está de acordo en que se refundan as dúas mocións nunha sola e sexa aprobada por unanimidade, coas correccións manifestades con anterioridade por ambos Grupos Municipais.

De xeito que o acordo adoptado por unanimidade queda redactado do seguinte xeito:

**Primeiro:** Solicitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) que na INLAC (Organización Interprofesional Láctea) se inclúa a representación de produtores, transformadores e distribución, en tanto que é necesario que as tres partes estean presentes e coordinadas para garantir a estabilidade do sector.

**Segundo:** Solicitar da INLAC o traslado ás partes da cadea do sector lácteo a necesidade de garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, tal como se recolle na normativa vixente.

**Terceiro:** Instar á Industria a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para impulsar a sinatura de contratos colectivos que establezan un aproveitamento do recollido no Real Decreto 125/2015 en canto á garantía de continuidade no tempo da recollida da produción e mantemento e referenciación de prezos, de xeito que os contratos lácteos reflictan a calidade do leite galego, e se traslade a plasmación legal do demandado polas propias organizacións agrarias.

**Cuarto:** Seguir desenvolvendo as medidas axeitadas para que os gandeiros galegos teñan garantida marxe suficiente de beneficios para que poidan mellorar a súa competitividade e garantir a súa sostibilidade, poñendo en marcha, de xeito urxente, as medidas que reclama o sector.

**Quinto:** Trasladar estas propostas ás administracións, Ministerio, Xunta e Comisión Europea, e demais membros da cadea, para que, mediante as reunións pertinentes, se poidan facer realidade estes acordos.

**Sexto:** Instar ao Sr. Feijóo, que como Presidente da Xunta de Galicia, primeira Comunidade produtora de leite en España, dea prioridade absoluta á situación do sector lácteo, e lidere as xestións necesarias ante o Goberno Central para poñer fin á crise dun sector vital para Galicia e garantir o futuro do mesmo.

**Sétimo:** Instar á Xunta de Galicia que habilite os instrumentos lexislativos e operativos para garantir a recollida de leite nas explotacións galegas a un prezo que garanta a viabilidade das explotacións.

**Oitavo:** Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central un plan específico para a valoración real e colocación de excedentes da industria láctea a través de medidas



como as compras públicas de intervención deses excedentes, almacenamento privado e entrega a terceiros países.

**Noveno:** Instar ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Goberno Central que fagan as xestións necesarias para pór na axenda europea de inmediato o problema do sector lácteo galego co impulso de medidas concretas que adapten a regulación do mercado europeo á realidade do sector productivo galego e estatal.

**Décimo:** Instar á Xunta de Galicia a posta en marcha dunha campaña de estímulo do consumo de leite e derivados de procedencia galega a través de campañas de concienciación en comedores escolares, servicios de hostalería públicos ou con vinculación coas administracións públicas, así como programas específicos de concienciación.

**Décimo primeiro:** Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a actuación eficaz da Comisión de Competencia, para que execute de maneira inmediate e contundente as inspeccións e sancións contra as comercializadoras que utilizan o leite como un produto reclamo para o consumidor.

**Décimo segundo:** Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central para que se habilite a capacidade legal para que unha Comisión de Valoración poida anular os contratos se as condicións para o gandeiro non respectan parámetros de viabilidade, garantía de duración e recollida de leite.

**Décimo terceiro:** Instar á Xunta de Galicia a que, de acordo co Goberno Central, poñan en marcha de xeito inmediato, un plan galego de implantación de industria transformadora de derivados lácteos en Galicia con dúas vertentes: a produción de produtos tradicionais, que permita diversificar a produción propia das explotacións; e a produción de derivados lácteos de consumo masivo, vinculado a un plan de incremento das exportacións e penetración en mercados emerxentes.

## **8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE PARADELA RELATIVA A ACTIVIDADE DAS ORQUETRAS E FESTAS POPULARES.**

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista relativa a actividade das orqustras e festas populares, co seguinte tenor literal:

*“A concelleira Sonsoles López Izquierdo na súa condición de voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de Paradela comparece e como mellor en dereito proceda DI:*

*Que en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte:*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Galicia ten unha forte tradición popular vinculada ás festas populares que cada ano se celebran vinculadas ás parroquias. Non obstante cabe destacar que a pesar de haber en Galicia 314 concellos, estes divídense á súa vez en 3.792 sedes eclesiásticas que conforman as denominadas parroquias.*

*Tan arraigada está a tradición da “festa galega” que en case todas estas parroquias, polo menos unha vez o ano, se celebra unha festividade anual que contén sempre unha actuación musical en directo. É por isto que o número de verbenas en Galicia é superior a 3.000 por ano acadando a cifra de 12.000 actuacións musicais vinculadas a estas celebracións, o que deu lugar a unha industria musical propia e*





## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32/07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

*enmarcada dentro deste conglomerado lúdico, festivo e singular que “move máis recursos e xera máis emprego que todas as actividades musicais que se desenvolven hoxe en Galicia”.*

*O xeito de organizar e sufragar estas festas responde, en máis do 90 % dos casos, á promoción, xestión e financiamento por parte dos veciños das respectivas parroquias, que se organizan en comisións de festas, asociacións de veciños, etc. Este é un factor diferencial de organización das festas en Galicia con respecto ao resto de España, xa que fóra da nosa comunidade as festas son organizadas por organismos públicos e non directamente polos veciños.*

*É por isto que estamos asistindo a unha mobilización masiva do sector que manifesta unha fonda preocupación pola pervivencia desta actividade económica: dende as propias orquestras, os músicos e os promotores, que piden que se leve a cabo unha regulación do dito sector por parte da Administración, que teña en conta as especificidades de Galicia e que non poña en perigo un sector que factura uns 60 millóns de euros e emprega a máis de 7.000 persoas relacionadas co sector do espectáculo. Ademais do impacto que estas celebracións teñen a nivel social e tamén noutros sectores como son o turismo e a hostalería.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradelas presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:*

*O Pleno do Concello de Paradelas insta ó Goberno galego para que se dirixa ó Goberno de España, previo diálogo co sector citado, en demanda dunha regulación fiscal que atenda as súas peculiaridades e dunha revisión da lexislación de espectáculos e das licenzas de actividades correspondentes, hoxe fortemente restritivas da actividade das orquestras e das festas populares.*

*D/Dna. Sonsoles López Izquierdo*

*Paradelas a 24 de xullo de 2015.*

*A ATT SR/SRA. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*

A Voceira do Grupo Municipal Socialista, di que se trata dunha demanda do sector, que o que se pide é diálogo entre este sector e o goberno, para que o actuar duns poucos non provoque que paguen xustos por pecadores.

O Sr. Alcalde pon de manifesto que non cree que sexa oportuno meterse neste tema cando está a ser investigado, onde uns cuantos se están a levar con moi malas artes os cartos de xeito fraudulento.

Por outra banda, di que ás comisións de festas non se lle poñen restricións senón que o que se fai é aplicar unha lexislación que existe dende hai moitos anos; polo que considera que benvida sexa esa maior presión sobre a actividade en sí, co fin de garantir á colectividade.

Fai constar tamén que as entidades culturais e sen ánimo de lucro teñen unha regulación diferente, polo que diversas bandas, charangas, etc... xa non están actualmente equiparadas coas orquestras.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, reitera que só se pide un diálogo co sector, e que por culpa duns peces gordos non se vexa afectado todo o sector; pero se iso non interesa, que se lle vai facer.

O Sr. Alcalde, reitera que ante a opinión pública non considera adecuado que o Concello se meta nun tema que está a ser investigado.

A continuación procedeuse á votación da Moción, resultando rexeitada pola maioría absoluta, co voto en contra dos sete Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, polos dous votos a favor dos membros do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o seu número legal de membros.

#### **9º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A continuación ponse de manifesto rogo presentado en data 27 de xullo de 2015, con Rexistro de entrada número 800 pola Voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, que ten o seguinte tenor literal

***“Dª. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte:***

#### ***ROGO:***

***Sexan instaladas as sinais que foron retiradas no desvío da Praza do Campo dirección á Parroquia de Sta. Cristina.***

*En Paradela a 23 de xullo de 2015*

*Asdo. Dª Sonsoles López Izquierdo*

*Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.*

*ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*

O Sr. Alcalde di que esta pendente dunha resposta por parte de Patrimonio sobre que tipoloxía de sinal se pode colocar ao haber un elemento catalogado como é o cruceiro, xa que non é sinxelo a instalación de calquera tipo de sinal.

A continuación Dona Sonsoles López Izquierdo Voceira do Grupo Municipal Socialista, pon de manifesto sobre a pregunta presentada en data 27 de xullo de 2015, con Rexistro de entrada número 799, pola, que ten o seguinte tenor literal:

***“Dª. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno a seguinte:***

#### ***PREGUNTA:***

***Cando teñen previsto rematarse as obras das pista de Sta. Cristina e Outeiro?***

***Qué alcance teñen? (é dicir en qué consisten)***

*En Paradela a 24 de xullo de 2014*

*Asdo. Dª Sonsoles López Izquierdo*

*Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.*

*ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*

Di Dona Sonsoles López Izquierdo que se refire as obras que se iniciaron en Bermil e Outeiro, e quedaron a medias.

O Sr. Alcalde resposta que para as empresas é moito máis rentable facer 3 Km. seguidos de afirmado que facer bacheos puntuais dispersos polo Concello, onde fan falla tres ou catro camións e un pisón, e o contratista está a rematar unhas obras noutro






## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelá  
Tfno: 982 54 11 01/ 96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Concello e espera que en quince días ao máis tardar se proceda a rematar as obras, que se proceda á rexeneración ou simplemente ao bacheo queda a criterio da valoración do técnico.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as catorce horas e tres minutos do trinta de xullo de dous mil quince, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace  
O Alcalde



O Secretario-Interventor



